

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 10 DE AGOSTO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dez de agosto de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as doce horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 3 de agosto de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DE SUBMINISTRO PARA “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA DIVERSOS SERVIZOS MUNICIPAIS”

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 3 de agosto do corrente adoptou acordo de inicio do expediente de contratación do subministro denominado “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA DIVERSOS SERVIZOS MUNICIPAIS”. En virtude do acordado, e de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), incorporáronse ao expediente os seguintes documentos:

- Prego de cláusulas administrativas particulares, informado de xeito favorable pola Secretaría.
- Memoria explicativa asinada pola Alcaldía.
- Certificación de existencia de crédito expedida pola Intervención municipal.

Xa que logo, e de conformidade co establecido no artigo 117 da LCSP, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do subministro de “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA DIVERSOS SERVICIOS MUNICIPAIS”.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e a memoria explicativa que rexerán a licitación.

Terceiro.- Aprobar o correspondente gasto, por importe de 32.061,14 €, con cargo á partida 170/624 do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o ano 2022.

Cuarto.- Iniciar o procedemento de adxudicación do subministro, publicando o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello, de conformidade co disposto no artigo 135 e concordantes da LCSP.

3.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL QUE DESCORRE ENTRE AS PARROQUIAS DO SALTO E VILELA”, INCLUÍDA NO PLAN MARCO 2022-2023 E NO PLAN CONCELLOS 2022

O Sr. alcalde informa por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 23 de febreiro do corrente, foi aprobado o proxecto técnico da obra de “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL QUE DESCORRE ENTRE AS PARROQUIAS DO SALTO E VILELA”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso, con data febreiro de 2022, cun importe total de execución por contrata de CENTO VINTE E CINCO MIL TRESCENTOS VINTE E UN EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (125.321,29 €), IVE incluído.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), por resolución de data 10/06/22, concedeu ao Concello unha subvención para dita

obra por importe de 82.985,00 € (expediente núm. [REDACTED]). Pola súa banda, a Presidencia da Deputación Provincial, por resolución de data 28/06/21, concedeu asemade unha subvención por importe de 51.814,37 € para a citada obra (expediente núm. [REDACTED]).

Xa que logo, dispoñendo xa do financiamento necesario para a realización da obra e dos permisos sectoriais preceptivos, cómpre proceder ao inicio do correspondente expediente de contratación, segundo a normativa establecida na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

A motivación del presente contrato vén fundamentada nas competencias propias que ostenta o Concello en materia de *“infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”*, establecida na letra d) do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), constituíndo o *“acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas”* servizos obrigatorios (artigo 26.1 a) do citado texto legal). Asemade, mótivase o acordo na necesidade de cumprir o obxecto das subvencións concedidas para tal fin pola con cargo ao Plan Marco 2022-2023 e ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, de conformidade co establecido no artigo 116 da LCSP, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación da obra de **“MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL QUE DESCORRE ENTRE AS PARROQUIAS DO SALTO E VILELA”**, de conformidade co proxecto técnico aprobado, para a súa posterior aprobación por este órgano, incorporando ao mesmo os documentos legalmente esixibles.

Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159 da LCSP, con varios criterios de adxudicación.

4.- RENOVACIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON MINUSVALIDEZ

VISTO o informe emitido pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, en data 29/07/22, que acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta

de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda autorizar a renovación da tarxeta, concedida por acordo deste órgano adoptado na sesión celebrada o día 28 de marzo de 2012, a favor de Dona AMABLE CONCEPCIÓN CARDELLE CORZO, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar da Latiza, parroquia de Álceme.

5.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA EN SITUACIÓN DE BAIXA LABORAL POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Ana María García Presas, traballadora laboral do Concello na praza de auxiliar de axuda no fogar, permanece en situación de baixa por incapacidade laboral (IT), derivada de enfermidade común. A traballadora substituta Verónica Regueira Soengas presentou a súa baixa voluntaria con efectos do día 11 de agosto do corrente. Xa que logo, existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/ha novo/a traballador/a que preste os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2022, establecida no artigo 20.Catro da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que dito posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. Porén, o Sr. alcalde manifesta que non se considerou aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio

da prestación do servizo. Asemade, constata as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas interinidades ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes e a proposta da traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación de Dona ESPERANZA SILVA GONZÁLEZ, con DNI núm. [REDACTED], como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato de substitución a tempo parcial (20 horas/semana), ao abeiro do disposto no artigo 15.3 do Estatuto dos Traballadores e artigo 4 do RD 2720/1998, do 18 de decembro, polo tempo que dure a situación de baixa por IT da traballadora Dona Ana María García Presas.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

6.- BAIXA VOLUNTARIA DE USUARIA DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2022-2023

VISTO o escrito presentado por Dona Belén Villanueva Patao, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Vilafrío, parroquia da Portela (RE núm. 1297, do 09/08/22), polo que solicita a baixa voluntaria da súa filla Carme Ferradás Villanueva como usuaria do Punto de Atención á Infancia (PAI), curso 2022-2023. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda autorizar a baixa solicitada.

7.- CONCESIÓN DA SEGUNDA QUENDA DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2022

Infórmase aos Sres. concelleiros asistentes que, por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 25 de febreiro do corrente, foi solicitada á Deputación de Pontevedra a cantidade de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €) para gastos correntes e DOUS MIL OITOCENTOS EUROS (2.800,00 €) para investimentos, con destino ás axudas básicas de emerxencia para persoas maiores de idade empadroadas no Concello que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios municipais e que carezan de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos polos que se solicita a axuda, ao abeiro

das Bases reguladoras publicadas no BOP núm. 38, correspondente ao día 24/02/22. Con data 18 de abril do corrente a Presidencia da Deputación de Pontevedra outorgou ao Concello a axuda solicitada (RE núm. 622, do 22/04/22).

Debidamente informados de canto antecede, e de conformidade co informe-proposta emitido pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez con data 09/08/22, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder a segunda quenda de axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra a favor da veciña que deseguido se relaciona e coa contía e destino que se especifica:

Gastos correntes

| BENEFICIARIA | NIE | DOMICILIO | IMPORTE AXUDA | DESTINO |
|--------------|------------|------------------|---------------|--------------------------------|
| ██████████ | ██████████ | A Vila – Rodeiro | 500,00 € | Pagamento de gastos de aluguer |

Segundo.- Autorizar o anticipo do 100 % da axuda concedida.

Terceiro.- O gasto subvencionado debe ser efectuado con anterioridade ao día 31 de decembro de 2022. A beneficiaria deberá presentar as facturas ou xustificantes do gasto polo importe da subvención concedida no Departamento de Servizos Sociais do Concello ata o día 15 de febreiro de 2023. A non presentación das mesmas dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro da axuda outorgada ao efecto. Asemade, e de non xustificarse a totalidade da cantidade anticipada, deberá reintegrarse a parte do importe non xustificado.

8.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- Comisión de festas da parroquia de Fafián

VISTOS os escritos presentados por Don JOSÉ LUÍS HERMIDA GUERRA, veciño do lugar de Fafián, parroquia de Fafián (RE núm. 1288 e 1293, do 05/08/22 e 09/08/22), polo que, na representación de Comisión de festas da parroquia de Santiago de Fafián, solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais celebradas os pasados días 25 e 26 de xullo

do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), previa xustificación do gasto.

9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- LA VOZ DE GALICIA S.A. 363,00 €
Por publicidade institucional do Concello nas festas do Santo Antonio de Rodeiro, s/factura núm. P22005091 (FACe).
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 274,67 €, 130,44 € E 398,70 €
Por consumos dos teléfonos das dependencias municipais, s/facturas núm. TA6Z10001373, TA6Z10001374 e TA6Z10001375 (FACe).
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 0,00 € E 0,00 €
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-H2DD-044928 e 28-H2DD-078611 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 4.735,91 €
Por seguro anual da póliza de responsabilidade civil municipal, s/factura núm. 75202219900020005652 (FACe).
- IRMA LÓPEZ LOSADA 25,71 €
Por subministro de material farmacéutico para a AVPC, s/factura núm. 0-0000097/1.
- IRMA LÓPEZ LOSADA 11,90 €
Por subministro de material farmacéutico para o Departamento de Servizos Sociais, s/factura núm. 0-0000098/1.
- LINCOLD IBÉRICA S.L. 159,19 €
Por subministro de reactivos para o abastecemento municipal, s/factura núm. FV00002314 (FACe).

- FELIPE LÓPEZ CORRAL 713,90 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumado público do Concello, s/factura núm. 777.
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 225,05 €
Por traballos de reparación de vehículo municipal, s/factura núm. C 9416.
- FELIPE LÓPEZ CORRAL 181,50 €
Por reparación de avaría no abastecemento de auga do lugar de Adelán, s/factura núm. 776.
- COSAPLAG S.L.U. 1.044,86 €
Por analítica de potabilidade da auga do abastecemento municipal, s/factura núm. 20221973 (FACe).
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 1.348,38 €
Por diversas reparacións no camión de recollida do lixo, s/factura núm. C 9417.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.366,43 €
Por subministro de combustible aos camiões de recollida do lixo no mes de xuño de 2022, s/factura núm. FA – 1207.
- ALBA VARELA DIÉGUEZ 150,00 €
Por xantar servido aos organizadores da iniciativa “Rodeiro de tapas 2022”, s/factura núm. T135.
- IRMA LÓPEZ LOSADA 83,80 € E 47,60 €
Por subministro de material químico e farmacéutico para a piscina municipal, s/facturas núm. 0-0000095/1 e 0-0000096/1.
- COSAPLAG S.L.U. 179,08 €
Por tratamento de desinfección contra as formigas na piscina municipal, s/factura núm. 20221911 (FACe).

- COSAPLAG S.L.U. 252,21 €
Por analítica de salubridade da auga da piscina municipal, s/factura núm. 20221972 (FACe).

- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 1.143,21 €
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0041179843 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas cincuenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)